

**CERVO***Anuncio*

O Pleno Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de xullo de 2016, acordou aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario núm. 1/2016, dentro do vixente Presuposto Municipal para 2016.

Por medio do presente expónse ao público na Intervención do Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalos e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co previsto a tales efectos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Cervo, 14 de xullo de 2016.- O ALCALDE, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2215

*Anuncio*

O Pleno Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de xullo de 2016, acordou aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario núm. 2/2016, dentro do vixente Presuposto Municipal para 2016.

Por medio do presente expónse ao público na Intervención do Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalos e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co previsto a tales efectos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Cervo, 14 de xullo de 2016.- O ALCALDE, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2216

**O INCIO***Anuncio*

Rendida a conta xeral para o exercicio 2015 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 8 de xullo de 2016, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican expónse ao público na Secretaría – Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partires do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Incio, a 11 de xullo de 2016.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García

R. 2164

**LUGO***Anuncio*

A Xunta Goberno Local, na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTENIMENTO E DEMOLICION DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO. FASE 2. (EXP. REF. 12-2016)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** a realización das OBRAS DE MANTEMENTO E DEMOLICION DE ANEXOS NO CUARTEL DE SAN FERNANDO DE LUGO.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

**4.- Tipo de licitación**

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O valor estimado do contrato ascende a 149.841,73 euros IVE excluído. polo que tendo en conta o IVE (21%) 31.466,76 euros- o prezo máximo do contrato será de 181.308,49 euros IVE incluído

5.- **Garantías:** definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **vinteseis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**11.- Gastos dos anuncios:** 61,75 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 11 de xullo de 2016.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Ana Prieto Nieto